



sen título

ENTRE TEMPO E PAREDE. Olló Ledo, Ourense, do 18 ao 30 de novembro. Un proxecto articulado dende o obxectivo de tres fotografías. Tres visións dun espazo, tres miradas que rexistran un baleiro impalpable inferindo presenza á ausencia, memoria e legado deses muros a través dun lento proceso de transformación que nos conecta co pasado dándoo un novo futuro. O espazo de estar convértese en arquivo de memoria e vivencias que escapan do presente illándonos nunha dimensión atemporal. Lugares baleiros, figuras imaxinadas que se perden neles, pasos ausentes que nos remiten a tempos pasados, fragmentos invisibles que debuxan unha ponte, que tecen o fio sutil que conecta o que non vemos, aínda que intuimos, co real, facéndonos tomar consciencia do presente. O visible como fronteira tanxible do que teme ver máis alá nesa viaxe ao esquecemento. A realidade e a ilusión desa casa-memoria como metáfora

Paula Cabaleiro. Cangas do Morrazo, 1986. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo no 2009, tamén estudou o Máster en Arte, Museoloxía e Crítica contemporánea na USC. Artista multidisciplinar e membro fundadora do colectivo artístico 20 65, co que realiza múltiples exposicións en España e Portugal. Comisaria da exposición colectiva «Que ves cando me ves?» en Santiago de Compostela, proxecto subvencionado polo Instituto da Muller; colaborou no equipo de produción da Bienal de Pontevedra do 2010, na Feira Espazo Atlántico (2010, 2011) e no departamento de Didáctica do MACUF. Participa no I Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura; expón na Rede Museística de Lugo no proxecto «Arte de ser muller nun mundo por compartir 3.0», e na mostra colectiva itinerante «Camiños en Feminino». www.paulacabaleiro.blogspot.com

Paz Vicente. San Esteban de Gormaz, Soria, 1968. Reside en Santiago de Compostela. Licenciada en Belas Artes, especialidade Artes da Imaxe, pola U. C. de Madrid, tamén estudou o C.A.P. na UCM e o Máster en Arte, Museoloxía e Crítica contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Fundadora do colectivo artístico 20 65, co que realiza múltiples exposicións en España e Portugal. Fixo as exposicións individuais «Dualidade» (Aiema, Santiago de Compostela, 2011), «XeoGraphias» (Espai fotográfico Can Basté. 11 forum fotográfico off. Barcelona, 2010 e na galería El Cuarto Simpático de Madrid, 2010), «Grafías del alma» (no CSC de Vite, Santiago de Compostela, 2009 e na Galería Cataraxis de Madrid, 2008), «expresión.es» (Carballiño, Outono Fotográfico 2009), «EnSoñaciones» (Arte & Arte Gallery de Madrid, 2006) e «Fotografías» (Galería Soñarte de Madrid, 2006). Participou ademais en numerosas mostras colectivas tanto en España coma en Italia, Portugal, Países Baixos e Xapón. www.pazvicente.es

Silvia Capelo. Bienne, Suíza 1985. Licenciada en Belas Artes na especialidade Debuxo/Pintura pola Universidade de Vigo (2004-2009) e Máster en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporánea pola USC (2010). Participou como voluntaria en Proxecto Edición no Pazo da Cultura de Pontevedra (2006) e na montaxe de Espacio Atlántico de Vigo (2010). Realizou diferentes cursos de animación e deseño web e tamén un curso de xilografía con Manuel Vilariño na Fundación CIEC, Betanzos (2007). Membro fundadora do colectivo artístico 20 65, co que realiza múltiples exposicións en España e Portugal. Exposicións individuais en «A Tanda», Vigo (2007) e «A Propia Pel» na Casa de Cultura de Negreira e no Sociocomunitario de A Baña. Como colectivas cabe destacar «Desdebuxos», Sala X da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (2005), Certame Fotográfico Rías Baixas de Pontevedra (2008), ArtXove de Pontevedra (2009 e 2010) e «¿Qué ves cando me ves?», Casa das Asociacións, Santiago de Compostela (2011). www.silviacapelo.blogspot.com

do onte, como referencia dun lugar, uns obxectos que a habitaban e se foron transformando, desituando e resituando, ao perder esa calor humana que as posuía e infería vida. Así, a través da súa mirada, Paula Cabaleiro, Silvia Capelo e Paz Vicente transfíren o seu particular visión envorcando nela as súas vivencias, orixes e recordos para construír unha historia secuencial que puido ser.